

**INFORME PARA A REVISIÓN INTERNA DO
SEGUIMENTO DE CENTROS E DE
TITULACIÓNS OFICIAIS
DE GRAO E MESTRADO**

**CONVOCATORIA: 2018/19 (curso avaliado:
2017/18)**

PROVISIONAL

FINAL

DATA: 16/12/2019

Centro	Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía	
Titulación/s	Grao en Enxeñaría da Enerxía Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos Máster Universitario en Enxeñaría de Minas Máster Universitario en Xeoinformática (suspensión)	
Alcance do proceso de seguimento interno	IRPD DAS TITULACIÓNS	<input checked="" type="checkbox"/>
	IRPD DO CENTRO	<input checked="" type="checkbox"/>

(IRPD: Informe de Revisión pola Dirección. (procedemento DE-03))

1 IRPD TITULACIÓNS

DIMENSIÓN 1: A XESTIÓN DO TÍTULO
<p>CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO</p> <p>Estándar: o programa formativo está actualizado e tense implantado de acordo ás condicións establecidas na memoria verificada.</p> <p>Analizar e valorar se o desenvolvemento do plan de estudos realizouse conforme á memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permitiu unha correcta adquisición das competencias por parte do alumnado.</p> <p>Comentarios xerais e/ou particulares para cada titulación:</p> <p>Grao en enxeñaría da enerxía: Podería valorarse a conveniencia de indicar desaxustes no cálculo dos indicadores neste documento, xa que pode xerar desconfianza no proceso, e na totalidade do informe. Se ben é certo e importante canalizar estas cuestións a través da Unidade de Análise e Programa para que no Portal de Transparencia se publiquen datos certos, validados e que ofrezan confianza e garantía.</p> <p>Mestrado en enxeñaría de minas: Aínda que os resultados son moi positivos, poderíase valorarse a incorporación das metas das taxas de graduación e abandono asociadas ao mestrado, no marco dos <i>Obxectivos de Calidade do Centro</i>, en concordancia co establecidos para os graos.</p> <p>O profesorado que no portal de transparencia aparece como “non aplicable” fai referencia ao profesorado externo. Neste caso o centro podería ampliar a información que lle conste deste profesorado.</p> <p>Recoméndase a utilización do termino bienal para aquelas accións que se realizan cada dous anos, co fin de evitar erros de interpretación.</p>
<p>CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA</p> <p>Estándar: A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira axeitada a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garantan a súa calidade.</p> <p>Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e se atopa dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados no mesmo (estudantes, empregadores/as, administracións educativas e outros grupos de intereses).</p> <p>Comentarios xerais e/ou particulares para cada titulación:</p> <p>Grao en enxeñaría dos recursos mineiros e enerxéticos/Grao en enxeñaría da enerxía/Mestrado en enxeñaría de minas :</p> <p>A ligazón http://minaseenerxia.uvigo.es/gl/calidade/sistema-de-garantia-de-calidade/resultados-de-medicion/ non inclúe os datos de 2017/18. Aínda que se inclúen os resultados completos publicados a través do Informe de Revisión pola dirección, Podería valorarse a convencia de manter no cadro central os datos (taxas académicas) relativos ao curso 2016/2017. Aconséllase manter esta táboa actualizada ou ben remitir directamente ao <i>Informe de Revisión pola Dirección</i>.</p> <p>- Na ligazón: http://minaseenerxia.uvigo.es/gl/calidade/acreditacion-de-titulos/ podería facerse referencia ao Informe de Revisión pola dirección que dende o curso académico 2017-2018 inclúe o Autoinforme de Seguimento das Titulacións.</p> <p>Comprobouse na realización do informe final que as dúas ligazóns xa están actualizadas.</p>

<p>CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE</p>
<p>Estándar: A institución dispón dun sistema interno de garantía da calidade formalmente establecido e implantado que asegura de xeito eficaz a mellora continua da titulación. Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.</p>
<p>Comentarios xerais e/ou particulares para cada titulación:</p> <p>I4: Resultados das enquisas de satisfacción a todos os grupos de interese sobre a xestión da calidade: Non se recolle a análise en 2017/18. Podería incluírse unha valoración acerca dos resultados acadados neste ítem.</p> <p>Neste criterio recóllese unha errata. Onde di: “O 15 novembro de 2017 achegouse a ACSUG unha solicitud de renovación da Certificación da Implantación do Sistema de Garantía de Calidade, elaborada conxuntamente pola Comisión de Garantía Interna de Calidade da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía e a Área de Calidade da UVigo, O 5 de marzo de 2018 recibíuse o Informe favorable, coa indicación de que todas as accións incluídas no plan de melloras teñen que ser implantadas.” Debería dicir: “O 15 de novembro de 2017 presentouse a ACSUG a documentación para a realización do preceptivo seguimento da certificación do Sistema de calidade...”</p>

<p>DIMENSIÓN 2: RECURSOS</p>

<p>CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS</p>
<p>Estándar: O persoal académico e de apoio é suficiente e axeitado de acordo coas características do título e o número de estudantes. Analizar e valorar a adecuación do persoal académico e de apoio que participa no título obxecto de avaliación.</p>
<p>Comentarios xerais e/ou particulares para cada titulación:</p> <p>Non se analiza o cumprimento en 2017/18 do establecido na memoria vixente, e melloras realizadas nin se conclúe, despois desta análise, sobre a adecuación e suficiencia dos datos do PDI e persoal de apoio en 2017/18. Recoméndase ampliar a análise tendo en conta o sinalado anteriormente.</p> <p>Participación no programa Docentia. No informe indícase: “O feito de ser Escola un centro con baixo número de docentes xustifica en parte esta baixa porcentaxe” Podería ampliarse esta análise, tal e como se xustifica podería resultar ambigua.</p> <p>Non se establece análise de causas nin accións de mellora para o outro punto débil detectado: baixa participación do PDI do Mestrado no programa DOCENTIA. Podería valorarse este cuestión.</p> <p>Neste criterio podería engadirse unha valoración ampliada sobre o persoas de administración e servizos do centro. O criterio de 4.RECURSOS HUMANOS é o oportuno para formalizara análise.</p>

<p>CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS</p>
<p>Estándar: Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son os axeitados en función da natureza, modalidade do título, número de estudantes matriculados/as e competencias a adquirir polos/as mesmos/as. Analizar e valorar se os recursos materiais e servizos postos a disposición do estudantado son os axeitados ás necesidades do título.</p>
<p>Comentarios xerais e/ou particulares para cada titulación que xustifiquen a valoración:</p> <p>No informe sinálase a baixa satisfacción coa orientación académica (2,5 no grao de Recursos Mineiros e Enerxéticos, por exemplo) pero non se detallan as accións de mellora levadas a cabo en cursos anteriores ou a implantación de dunha “nova acción de mellora” para tentar coñecer mellor as causas. Valorar se é posible completar esta información no próximo informe e/ou activar unha acción de mellora.</p>

DIMENSIÓN 3: RESULTADOS

CRITERIO 6. RESULTADOS DE APRENDIZAXE

Estándar: Os resultados de aprendizaxe acadados polos/as titulados/as son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel del MECES da titulación.

Analizar os resultados da aprendizaxe acadados polos/as estudantes e se son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel MECES do título.

Comentarios xerais e/ou particulares para cada titulación que xustifiquen a valoración:

E25 ... cualificación por materia y EA11: Informes de prácticas: Non se analizan os resultados dos informes de Prácticas externas, nin se analizan posibles puntos fortes nin puntos febles a mellorar. Valorar a incorporación de ambos análises.

CRITERIO 7. RESULTADOS DE SATISFACIÓN E RENDEMENTO

Estándar: Os resultados dos indicadores do programa formativo son congruentes co deseño, a xestión e os recursos postos ao dispor do título e satisfán as demandas sociais da súa contorna.

Analizar os principais datos e resultados do título e valorar a evolución dun núcleo de indicadores mínimo. Comprobar se os resultados adecúanse ás previsións e características do título.

Comentarios xerais e/ou particulares para cada titulación que xustifiquen a valoración:

Plans de mellora derivados da implantación do SGIC: Seguimento das accións de mellora de cursos anteriores: resultados no 2017/18, valoración de eficacia, necesidade de manter ou pechar cada acción...É moi importante cara afrontar a re-certificación do SGIC incluír na utilidade de "plans de mellora" da aplicación do Sistema de calidade, a información detallada e o seguimento de todas as accións de mellora, incluídas as establecidas no marco da certificación do propio sistema de calidade.

MODIFICACIÓNS NON SUBSTANCIAIS DA TITULACIÓN

Dado que as titulacións de presentaron declaración de interese e están inmersas nun proceso de modificación da memoria, podería incluírse se hai algunha modificación menor no mestrado.

2 IRPD DO CENTRO

Actualización e utilidade do plan de accións de mellora do centro.

Apartado V deste IRPD:

Como xa se sinalou na aplicación do SGIC, non se recolle a análise de resultados obtidos con cada acción de mellora.

3 OUTROS ASPECTOS A TER EN CONTA

Algunhas metas xa non conseguidas poderían revisarse para axuste de valores das metas. cos resultados obtidos en 2017/18 e definir novos valores a obter e analizar en 2018/19.

Alegacións presentadas ao informe de seguimento interno provisional:

Comentarios recollidos neste informe provisional de seguimento interno	Descrición das alegacións	Consideracións pola avaliación do seguimento interno
<p>Organización e Desenvolvemento. Grao en enxeñaría dos recursos mineiros e enerxéticos e Grao en Enxeñaría da enerxía:</p> <p>I11: No informe sinalase que existe unha gran diversidade de empresas vinculadas ás titulacións para a realización de prácticas, podería valorarse a realización dun estudo a partir dos informes dos titores de entidade que están asociadas ás prácticas curriculares.</p>	<p>Considérase oportuno sinalar que nos plans de estudos de ambos graos non se contemplan prácticas externas curriculares. Plantéxase o recoñecemento de créditos de carácter optativo (ata un máximo de 12 ECTS), entre outras opcións, por prácticas externas extra-curriculares. Cabe sinalar que o centro non ten responsabilidades directas na xestión destas prácticas (nin na tramitación dos convenios, nin no seu desenvolvemento nin no seguimento) correspondendo esta responsabilidade á FUVI. O centro, polo tanto, tampouco ten acceso aos informes dos titores das entidades. Considérase oportuno sinalar que no curso 2015/16 se declarou unha acción de mellora (nº5) en relación a este tema, co obxectivo de dispor de datos procedentes da FUVI sobre as prácticas extra-curriculares, acción que se pechou. A información que proporciona a FUVI ao centro corresponde só aos datos das empresas. De feito non consta no centro que, no caso de prácticas externas extra-curriculares, a FUVI solicite ás entidades os informes dos seus titores.</p> <p>En conclusión, si se podería valorar como acción de mellora unha revisión dos procesos de coordinación entre a FUVI, os centros e as áreas académicas en relación á realización das PE extra-curriculares e os seus posibles efectos académicos (recoñecemento de créditos e/ou recoñecemento de materias). Pero a data actual o centro non dispón dos informes dos titores das entidades no caso de PE extra-curriculares, polo que non dispón dos datos necesarios para realizar o estudo ao que se fai referencia no informe provisional de seguimento interno.</p>	<p>Modifícanse os comentarios ou recomendacións no Informe Final de Seguimento Interno</p> <p><input checked="" type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non</p> <p>Xustificación:</p> <p>Procédese a eliminar o comentario do informe final.</p>
<p>Organización e Desenvolvemento. Grao en enxeñaría da enerxía:</p> <p>Podería valorarse a conveniencia de indicar desaxustes no cálculo dos indicadores neste documento, xa que pode xerar desconfianza no proceso, e na totalidade do informe. Se ben é certo e importante canalizar estas cuestión a través da Unidade de Análise e Programa para que no</p>	<p>Non está moi claro a que se refire o comentario para o Grao EE. Suponse que se refire aos comentarios incluídos no IRPD sobre a incoherencia de determinados datos (nota media, etc..) para os dous graos do centro. Non queda claro o sentido da valoración (si se plantexa que se inclúan ou non no IRPD os desaxustes identificados). No documento (IRPD) incluíuse a referencia explícita aos desaxustes atopados nos datos de determinados indicadores, precisamente co obxectivo de xustificar a imposibilidade de facer unha análise que</p>	<p>Modifícanse os comentarios ou recomendacións no Informe Final de Seguimento Interno</p> <p><input checked="" type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non</p> <p>Xustificación:</p> <p>O sentido da observación</p>

<p>Portal de Transparencia se publiquen datos certos, validados e que ofrezan confianza e garantía.</p>	<p>permita extraer conclusións acertadas. Non se trata en ningún momento de xerar dúbidas sobre a validez do informe nin do proceso. De feito, a forma de garantir a validez e relevancia do proceso é asegurar en todo momento como se plantexa e en que datos, indicadores e evidencias se sustentan a análise e as conclusións. En calquera caso non se pode sustentar unha análise nun conxunto de datos erróneos o incorrecto, o incoherente, como é o caso. E tampouco procede non realizar comentario algún, unha vez identificados os erros.</p> <p>Cabe sinalar que, desde o centro, se enviou á Unidade de Análises e Programas da Universidade unha relación de incoherencias e erros identificados no proceso de realización do IRPD, e xa se recibiu resposta. Achéganse ambos documentos (solicitud e resposta). O obxectivo desta solicitud é tratar de emendar as incoherencias detectadas, que entendemos que non afectan só as titulacións do centro, e cuxa resolución entendemos que pode resultar complexa.</p> <p>Considérase oportuno, en base aos comentarios anteriores, manter no IRPD as aclaracións pertinentes sobre as incoherencias/erros de determinados datos das titulacións que fan que careza de sentido o análise dalgúns deles.</p>	<p>realizada ía na liña de evitar incluír nun documento público figure dunha forma extensa os problemas relacionados cos indicadores.</p> <p>Por outra banda valorase positivamente que o centro asuma a verificación dos mesmos para obter os datos correctos e canalizar as correccións oportunas a través da Unidade de análises e programas.</p> <p>En todo caso, o comentario refírese a unha cuestión menor.</p>
<p>Organización e Desenvolvemento. Mestrado en enxeñaría de minas:</p> <p>Aínda que os resultados son moi positivos, poderíase valorarse a incorporación de metas asociadas ao mestrado, no marco dos <i>Obxectivos de Calidade do Centro</i>, en concordancia co establecidos para os graos</p> <p>Profesorado por categoría; indícase como “non aplicable”: podería detallarse/explicar mais esta cuestión.</p> <p>As enquisas de satisfacción do profesorado teñen carácter bienal (cada dous anos). Hai unha errata no documento ao identificalas como bianuais</p>	<p>Cabe sinalar que no documento “<i>Obxectivos de Calidade do Centro</i>” figuran obxectivos para todas as titulacións do centro, tanto de grao como de máster, como pode verse na seguinte dirección:</p> <p>http://minaseenerxia.uvigo.es/gl/calidade/sistema-de-garantia-de-calidade/politica-e-obxectivos-de-calidade/#custom-tab-0-136047522372e224743bab667a57413b</p> <p>Só se atoparon dúas taxas, a de abandono e a de graduación, sen obxectivos de calidade para o máster. De todos os xeitos, considérase pertinente revisar os obxectivos de calidade para o máster en base á experiencia acumulada pola impartición de catro edicións do máster e os resultados do procedemento de renovación da acreditación da titulación.</p> <p>En relación á categoría como “<i>non aplicable</i>” para o profesorado da titulación, esta categoría corresponde ao profesorado externo no caso do máster. Na información pública das titulacións no Portal de Transparencia da Universidade de Vigo recóllese desta forma. Dado que se trata dunha referencia que emprega a Universidade de Vigo si</p>	<p>Modifícanse os comentarios ou recomendacións no Informe Final de Seguimento Interno</p> <p><input checked="" type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non</p> <p>Xustificación:</p> <p>Modifícase o comentario quedando do seguinte xeito:</p> <p><i>“Aínda que os resultados son moi positivos, poderíase valorarse a incorporación das metas das taxas de abandono e graduación asociadas ao mestrado, no marco dos Obxectivos de Calidade do Centro, en concordancia co establecidos para os graos.”</i></p>

	<p>se considera pertinente realizar a correspondente aclaración en sucesivos IRPD e comunicar á Unidade de Análises e Programas a conveniencia de indicar a que tipo de profesorado se refire esta categoría.</p> <p>En canto á utilización do termo “bianual” ou “bienal” para a periodicidade das enquisas de satisfacción do profesorado, segundo o Dicionario da Real Academia Galega, o termo “bianual” ten tres acepcións: a primeira é a suxerida (que ten lugar dúas veces ao ano) pero nas outras tres funciona como sinónimo de “bienal”, polo que a periodicidade indicada no IRPD sería correcta. No obstante, acéptase e agradécese a suxestión efectuada para evitar posibles dúbidas.</p>	<p>Procedese a modificación do comentario quedando do seguinte xeito:</p> <p><i>“O profesorado que no portal de transparencia aparece como “non aplicable” fai referencia ao profesorado externo. Neste caso o centro podería ampliar a información que lle conste deste profesorado.”</i></p> <p>Para finalizar, modifícase o último comentario do informe final quedando do seguinte xeito:</p> <p><i>“Recoméndase a utilización do termino bienal para aquelas accións que se realizan cada dous anos, co fin de evitar erros de interpretación. “</i></p>
<p>Información e transparencia. Grao en enxeñaría dos recursos mineiros e enerxéticos/Grao en enxeñaría da enerxía/Mestrado en enxeñaría de minas :</p> <p>A http://minaseenerxia.uvigo.es/gl/calidade/sistema-de-garantia-de-calidade/resultados-de-medicion/ non inclúe os datos de 2017/18. Aínda que se inclúen os resultados completos publicados a través do Informe de Revisión pola dirección, Podería valorarse a convencia de manter no cadro central os datos (taxas académicas) relativos ao curso 2016/2017. Aconséllase manter esta táboa actualizada ou ben remitir directamente ao <i>Informe de Revisión pola Dirección</i></p> <p>Na http://minaseenerxia.uvigo.es/gl/calidade/acreditacion-</p>	<p>Considéranse pertinentes os comentarios relativos á información pública das titulacións. Concretamente, a sección de resultados de medición xa se atopa actualizada coa inclusión dos resultados correspondentes ao curso 2017/18. Cabe sinalar que a aprobación do IRPD coincidiu co proceso de modificación global da Web do centro, polo que a actualización da información na Web non poido se inmediata; ademais, nestes procesos de reestruturación, é necesario un período de tempo para atopar deficiencias e carencias e solucionarlas.</p> <p>Acéptase á suxestión da conveniencia da inclusión dunha referencia ao IRPD 2017-2018 no texto da ligazón http://minaseenerxia.uvigo.es/gl/calidade/acreditacion-de-titulos/</p>	<p>Modifícanse os comentarios ou recomendacións no Informe Final de Seguimento Interno</p> <p><input checked="" type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non</p> <p>Xustificación:</p> <p>Comprobouse que as ligazóns están actualizadas.</p> <p>Procedese a completar a suxestión engadindo o seguinte:</p> <p><i>“Comprobouse na realización do informe final que as dúas ligazóns xa están actualizadas”</i></p>

<p><u>de-títulos/</u> podería facerse referencia ao Informe de Revisión pola dirección que dende o curso académico 2017-2018 inclúe o Autoinforme de Seguimento das Titulacións.</p>		
<p>SGC I4: Resultados das enquisas de satisfacción a todos os grupos de interese sobre a xestión da calidade: Non se recolle a análise en 2017/18. Podería incluírse unha valoración acerca dos resultados acadados neste ítem.</p> <p>Neste criterio recóllese unha errata. Onde di: “O 15 novembro de 2017 achegouse a ACSUG unha solicitud de renovación da Certificación da Implantación do Sistema de Garantía de Calidade, elaborada conxuntamente pola Comisión de Garantía Interna de Calidade da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía e a Área de Calidade da UVigo, O 5 de marzo de 2018 recibíuse o Informe favorable, coa indicación de que todas as accións incluídas no plan de melloras teñen que ser implantadas.” Debería dicir: “O 15 de novembro de 2017 presentouse a ACSUG a documentación para a realización do preceptivo seguimento da certificación do Sistema de calidade...”</p>	<p>Considérase pertinente a suxestión relativa á inclusión da valoración dos resultados das enquisas de satisfacción a todos os grupos de interese sobre a xestión da calidade. Procederáase a incluír esta valoración no próximo IRPD.</p> <p>En relación á referencia ao proceso de renovación de certificación da implantación do SGC procederáase a corrixir a redacción para que sexa correcta e reflicta con claridade o procedemento que referencia.</p>	<p>Modifícanse os comentarios ou recomendacións no Informe Final de Seguimento Interno</p> <p><input type="checkbox"/> Si <input checked="" type="checkbox"/> Non</p> <p>Xustificación:</p> <p>Mantense o comentario</p>
<p>Recursos Humanos.</p> <p>Non se analiza o cumprimento en 2017/18 do establecido na memoria vixente, e melloras realizadas nin se conclúe, despois desta análise, sobre a adecuación e suficiencia dos datos do PDI e persoal de apoio en 2017/18. Recoméndase ampliar a análise tendo en conta o sinalado anteriormente.</p> <p>Participación no programa Docentia. No informe indícase: “O feito de ser Escola un centro con baixo número de docentes xustifica en parte esta baixa porcentaxe” Podería ampliarse esta análise, tal e como se xustifica podería resultar ambigua.</p> <p>Non se establece análise de causas nin accións de mellora para o outro punto débil detectado: baixa participación do PDI do Mestrado no programa DOCENTIA. Podería</p>	<p>Enténdese que o comentario se plantexa sobre os recursos humanos das tres titulacións do centro.</p> <p>No caso do Grao EE si se plantexa no IRPD unha valoración sobre a adecuación do cadro do persoal docente, indicando que é adecuado e suficiente, valoración xustificada pola análise dos datos e as evidencias dispoñibles.</p> <p>No caso do Grao ERME o feito de non dispor de datos fiables limita a posibilidade de realizar a correspondente análise e extraer as pertinentes conclusións. Neste sentido a acción de mellora que se considera necesaria para solucionar este problema é trasladar á Unidade de Análises e Programas esta circunstancia, para que se efectúe a correspondente revisión. Esta acción xa foi realizada e vense de recibir resposta (achéganse a solicitude e a resposta).</p> <p>En canto aos resultados do programa Docentia Quinquenal, o feito de non dispor de datos desagregados por titulacións impide realizar unha análise para cada titulación. Efectivamente procede, tal como</p>	<p>Modifícanse os comentarios ou recomendacións no Informe Final de Seguimento Interno</p> <p><input type="checkbox"/> Si <input checked="" type="checkbox"/> Non</p> <p>Xustificación:</p> <p>Mantense o comentario,</p> <p>A información aportada nas alegacións debería estar incluída no informe de revisión pola dirección.</p>

<p>valorarse este cuestión.</p> <p>Neste criterio podería engadirse unha valoración ampliada sobre o persoas de administración e servizos do centro. O criterio de 4.RECURSOS HUMANOS é o oportuno para formalizara análise.</p>	<p>se indica no informe provisional, realizar unha análise das posibles causas da baixa participación do profesorado no Programa Docentia Quinquenal. Cabe sinalar, non obstante, que a porcentaxe de participación se calcula sobre o total do profesorado avaliado na Universidade, polo que efectivamente o feito de ter un cadro de profesorado pequeno no centro, en comparación con outros centros da Universidade, xustifica en parte a baixa porcentaxe. Considérase que este indicador I9 da ACSUG non é unha medida axeitada da participación do programa DOCENTIA e que, para complementalo, sería interesante que no Informe de Resultados Definitivos do DOCENTIA quinquenal se proporcionasen outros tipos de porcentaxes (análises por titulación, "participación relativa": porcentaxe de profesores avaliados no centro (ou titulación) sobre o número de profesores do mesmo...) que permitan unha análise máis exhaustiva dos datos.</p> <p>En relación á valoración sobre o persoal de administración e servizos do centro, si parece pertinente incluír unha valoración. Cabe sinalar que a data actual non hai un procedemento formal de recollida de valoración do PAS por parte do PDI aspecto este que se trasladará aos servizos responsables para súa valoración.</p> <p>No relativo aos resultados das enquisas de satisfacción do alumnado coas titulacións, na pregunta "A atención do PAS do centro", os resultados valóranse como moi bos, aínda que a porcentaxe de participación é baixa.</p> <p>GEE: 13 respostas, 3.85 GERME: 6 respostas, 4.67 MUEM: 6 respostas, 4.50</p>	
<p>Recursos materiais e servizos.</p> <p>No informe sinálase a baixa satisfacción coa orientación académica (2,5 no grao de Recursos Mineiros e Enerxéticos, por exemplo) pero non se detallan as accións de mellora levadas a cabo en cursos anteriores ou a implantación de dunha "nova acción de mellora" para tentar coñecer mellor as causas. Valorar se é posible completar esta información no próximo informe e/ou activar unha acción de mellora.</p>	<p>En relación aos resultados das enquisas de satisfacción coa titulación cabe sinalar que o epígrafe "A orientación académica recibida no plan de acción tutorial" recibe unha baixa valoración (2,36 puntos para o Grao EE e 2,50 para o Grao ERME). Cabe sinalar que o centro activou o desenvolvemento do programa de Mentorización (MEET), concibido para os estudantes de novo ingreso nos graos do centro e que se desenvolve ao longo do primeiro curso da titulación. Non obstante, trátase dun programa de limitado recorrido temporal, polo que a valoración do seu desenvolvemento pode resultar limitada nesta fase.</p> <p>Tamén considérase oportuno sinalar que a Universidade de Vigo</p>	<p>Modifícanse os comentarios ou recomendacións no Informe Final de Seguimento Interno</p> <p><input type="checkbox"/> Si <input checked="" type="checkbox"/> Non</p> <p>Xustificación:</p> <p>Mantense o comentario,</p> <p>A información aportada nas alegacións debería estar incluída no informe de revisión</p>

	atópase actualmente en pleno proceso de re-definición do Plan de Acción Tutorial, ao obxecto de incluír a coordinación coas actividades do MEET e a inclusión de actividades de orientación para alumnado con necesidades educativas especiais, polo que ao longo do ano 2020 procederáse a realizar a re-definición do programa de orientación ao alumnado.	pola dirección.
<p>Resultados de aprendizaxe</p> <p>E25 .cualificación por materia y EA11: Informes de prácticas: Non se analizan os resultados dos informes de Prácticas externas, nin se analizan posibles puntos fortes nin puntos febles a mellorar. Valorar a incorporación de ambos análises</p>	<p>Considérase pertinente incluír no próximo IRPD unha análise dos resultados dos informes de PE no caso das PE de carácter curricular do Máster en Enxeñaría de Minas, que son as que xestiona directamente o centro. Cabe sinalar non obstante que actualmente o marco normativo de desenvolvemento de prácticas externas na Universidade de Vigo está en pleno proceso de revisión, feito que condiciona en gran medida a adopción de medidas de revisión e control da realización e desenvolvemento das PE.</p>	<p>Modifícanse os comentarios ou recomendacións no Informe Final de Seguimento Interno</p> <p><input type="checkbox"/> Si <input checked="" type="checkbox"/> Non</p> <p>Xustificación:</p>
<p>Resultados de satisfacción e rendemento</p> <p>Plans de mellora derivados da implantación do SGIC: Seguimento das accións de mellora de cursos anteriores: resultados no 2017/18, valoración de eficacia, necesidade de manter ou pechar cada acción...É moi importante cara afrontar a re-certificación do SGIC incluír na utilidade de “plans de mellora” da aplicación do Sistema de calidade, a información detallada e o seguimento de todas as accións de mellora, incluídas as establecidas no marco da certificación do propio sistema de calidade.</p>	<p>Tense previsto comezar a próxima semana o proceso de rexistro na aplicación do SGIC da información actualizada das accións de mellora</p>	<p>Modifícanse os comentarios ou recomendacións no Informe Final de Seguimento Interno</p> <p><input type="checkbox"/> Si <input checked="" type="checkbox"/> Non</p> <p>Xustificación:</p>
<p>Apartado V deste IRPD:</p> <p>Como xa se sinalou na aplicación do SGIC, non se recolle a <u>análise de resultados</u> obtidos con cada acción de mellora.</p>	<p>Tense previsto comezar a próxima semana o proceso de rexistro na aplicación do SGIC da información actualizada das accións de mellora</p>	<p>Modifícanse os comentarios ou recomendacións no Informe Final de Seguimento Interno</p> <p><input type="checkbox"/> Si <input checked="" type="checkbox"/> Non</p>
<p>Comentarios xerais</p> <p>Algunhas metas xa non conseguidas poderían revisarse para axuste de valores das metas. cos resultados obtidos en 2017/18 e definir novos valores a obter e analizar en 2018/19</p>	<p>Procederáse a realizar a correspondente revisión para o IRPD do curso 2018/19</p>	<p>Modifícanse os comentarios ou recomendacións no Informe Final de Seguimento Interno</p> <p><input type="checkbox"/> Si <input checked="" type="checkbox"/> Non</p>